

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, AS CONSELLERÍAS DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, E A FUNDACIÓN ADOLFO DOMÍNGUEZ PARA PROMOVER A RECUPERACIÓN DO CULTIVO E TRANSFORMACIÓN INDUSTRIAL DO LIÑO EN GALICIA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, dona María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, actuando en nome e representación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria coma Presidenta da entidade, en virtude do artigo 13 do Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, M^a Jesús Lorenzana Somoza, conselleira de Economía e Industria, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e no exercicio das competencias establecidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, José López Campos, conselleiro de Cultura, lingua e Xuventude, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia e no exercicio das competencias establecidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Elena Adriana Domínguez González, Presidenta do patronato da Fundación Adolfo Domínguez, cargo para o que foi nomeada na escritura de constitución nº 960 do 05/06/2012 ante o notario Fernando Martínez-Gil Fluxa do Ilustre Colexio de Galicia. Dito cargo foi renovado na escritura de elevación a público de acordos de traslado de domicilio e modificación de estatutos da Fundación, en escritura ante o mesmo notario, nº 103 do 24/01/2023.

Interveñen no nome das entidades que representan, en función dos seus respectivos cargos e, en virtude das facultades que teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL), ten competencia para desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a dita Axencia. De acordo coa Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, entre os seus fins se establecen os de promover que as producións do sector primario galego completen a súa transformación no territorio da comunidade autónoma, así como promover o desenvolvemento da investigación e a incorporación das novas tecnoloxías no sector alimentario e nos seus produtos e Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario. Nesta Lei fíxase como obxecto da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, entre outros:

- Desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal.
- Investigar e promover o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario
- Fomentar a formación e a transferencia de coñecemento ao sector agrario.

AGACAL está orientada á aplicación dun enfoque AKIS (sistemas de coñecemento e innovación agraria) no seu sistema de xestión, que se define como o conxunto da organización e mecanismos de transmisión de coñecementos entre persoas, organizacións e institucións que usan e producen este coñecemento para utilizalo na agricultura e os ámbitos relacionados. Os seus compoñentes son todos aqueles actores privados, públicos e sen ánimo de lucro que están relacionados co sector agroalimentario. En AGACAL residen as competencias da Xunta de Galicia en materia de investigación, innovación, formación e calidades alimentaria nos eidos agrario e forestal, reforzando as posibilidades de actuación da Axencia a prol da extensión do coñecemento e da innovación ao medio produtivo agroalimentario galego.

Na AGACAL veñen desenvolvéndose, dende hai décadas, diversos traballos no ámbito do liño, que se materializan en actividades de transferencia, publicacións técnicas e iniciativas de experimentación e colaboración co sector. Esta traxectoria abrangue tamén actuacións de investigación aplicada relacionadas co seu aproveitamento en sistemas produtivos, incluíndo o ámbito da alimentación animal.

Asemade, o banco de recursos fitoxenéticos da Axencia, xunto coas actividades de conservación e caracterización de accesións autóctonas, contribúe de xeito relevante á preservación do patrimonio xenético vexetal e á loita contra a erosión xenética, configurándose o liño como unha especie de especial interese neste contexto. As propicias condicións edafoclimáticas de Galicia para este cultivo fixo que durante séculos se utilizase como materia prima para diversos fins entre os que se atopaba a fabricación de prendas de roupa por métodos tradicionais polo que a súa recuperación e impulso é de grande interese.

Segundo.- A Consellería de Economía e Industria ten atribuídas as competencias e funcións en materia de política industrial, segundo se establece no Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria. De acordo co Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, a planificación da política industrial galega plásmase nunha estratexia baseada en diferentes instrumentos, entre os que se atopan os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia. A día de hoxe, téñense declarado nove sectores estratéxicos polo Consello da Xunta, e un deles é o sector téxtil e confección, que representa aproximadamente o 4% do negocio industrial en Galicia, concentra o 25% das exportacións rexistradas en Galicia no ano 2023 e xerou preto do 7% do emprego industrial ao longo do 2024.

Pola súa potencialidade é fundamental seguir desenvolvendo medidas que manteñan e incrementen a competitividade do sector. Un dos aspectos nos que se está a avanzar é na utilización de materias primas sostíbles de orixe galego, co obxectivo reducir a dependencia externa, mellorar a autonomía estratéxica da industria téxtil galega, e aproveitar as sinerxías directas con outros sectores como o da automoción, do naval, da bioconstrución e do papel técnico.

Entre esas materias primas de orixe galega con moito potencial está o liño.

Impulsar o cultivo do liño pode supoñer unha oportunidade para a industria téxtil galega polas novas liñas industriais vinculadas á transformación do liño (plantas de desfibrado e limpeza de fibras), á tecnoloxía de maquinaria agrícola específica e ao deseño de procesos industriais optimizados.

Terceiro.- A Consellería de Cultura, lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, exerce as competencias en materia de defensa, protección, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia. O cultivo e a transformación do liño nunha fibra e nun produto téxtil forma parte da identidade cultural galega e o desenvolvemento dun cultivo industrial do liño e a súa posterior utilización pola industria téxtil pode vincularse coa memoria da antiga manifestación cultural e servir de impulso e de axuda para ampliar o coñecemento sobre o patrimonio cultural inmaterial, moble e inmobile que exista en Galicia vinculado á cultura do liño, ampliar a súa investigación e promover a súa protección a través da clasificación dos bens mais senlleiros.

Cuarto.- A Fundación Adolfo Domínguez, constituída o 05/06/2012, ten entre os seus fins a difusión e promoción das artes, a ciencia, a saúde, o coidado do medio ambiente e demais temas culturais. Dentro destes fins, orienta a súa misión cara ao desenvolvemento rural, a

sustentabilidade, as fibras naturais e a posta en valor do acervo cultural, con especial atención ao sector moda, no que o Grupo Adolfo Domínguez foi pioneiro no uso e innovación do liño e no coñecemento da súa cadea de subministración.

Entre os seus obxectivos destaca revitalizar a cadea de valor do liño como recurso téxtil contemporáneo; preservar e transmitir os oficios tradicionais asociados a esta fibra; e conectar territorios xerando pontes entre artesáns, transformadores e produtores sobre a base da autenticidade e a orixe. A Fundación tamén colabora activamente coa "Asociación Legados por el bien común" nas actividades de recuperación do liño, a través dun acordo de colaboración.

Así mesmo, pretende promover unha sustentabilidade real mediante tecidos naturais e procesos menos industrializados, integrándoos na cadea de valor téxtil, e xerar valor cultural con impacto social, facendo partícipe á cidadanía dun patrimonio que Galicia posúe e está en condicións de recuperar.

Quinto.- A Xunta de Galicia e a Fundación Adolfo Domínguez teñen interese común para o desenvolvemento dunha nova cadea de valor industrial arredor do liño, que representa unha oportunidade estratéxica de futuro para a Comunidade Autónoma, tendo en conta que a demanda do liño está en aumento e que a súa produción está limitada a territorios con condicións edafoclimáticas axeitadas, como as de Galicia.

En consecuencia, a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura, lingua e Xuventude, e a Fundación Adolfo Domínguez acordan subscribir o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio de Colaboración ten por obxecto promover a recuperación do cultivo e transformación industrial do liño en Galicia.

Segunda.- Descrición do proxecto

Os obxectivos a conseguir con este convenio de colaboración son os seguintes:

- ✓ Visibilidade da aposta pola recuperación dun cultivo sostible e tradicional, arraigado na cultura galega, aliñándose coa innovación, sustentabilidade e revitalización do rural.
- ✓ Definición dos usos e mercados mais adecuados para o liño cultivado en Galicia.

- ✓ Posicionamento internacional
- ✓ Activación cultural e social

Para elo, cada unha das entidades participantes desenvolverá accións específicas que se concretarán nun estudio de viabilidade integral (económica, social, agronómica e xeográfica). Dito estudio integral conformarase ao remate do proxecto cos resultados finais obtidos polas consellerías participantes con competencias en cada un dos ámbitos (viabilidade económica por parte da Consellería de Economía e Industria, social pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e agronómica e xeográfica pola Consellería do Medio Rural).

Todas as accións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio encadraranse baixo a denominación común "Iniciativa galega polo liño".

Terceira.- Gastos e participación das entidades no proxecto

Axencia Galega da Calidade Alimentaria

A participación da Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, desenvolverase no CIAM (Centro de Investigacións Agrarias Mabegondo, A Coruña) e noutros centros experimentais dependentes da axencia (Bergondo, Boqueixón e Monforte de Lemos) e inclúe a multiplicación da semente, a caracterización agronómica e xenética das variedades, e a validación industrial da fibra en colaboración co sector téxtil galego e/ou con outras entidades. Para elo, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Multiplicación e conservación segura de accesións galegas de liño.
- Caracterización agronómica e molecular completa das accesións do CIAM.
- Identificación de variedades con alto potencial produtivo e calidade de fibra adaptada a Galicia.
- Proposta de variedades candidatas para o rexistro.
- Obtención de fibra piloto e transferencia e valorización de resultados ao sector téxtil galego, de acordo co previsto na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

Os orzamentos previstos para desenvolver as ditas accións serían os seguintes:

Accións	2026	2027	2028	Total
Persoal	16.660,00 €	88.200,00 €	88.200,00 €	193.060,00 €
Material e subministracións	25.956,50 €	41.280,00 €	6.280,00 €	73.516,50 €
Viaxes e desprazamentos	1.220,00 €	1.220,00 €	1.220,00 €	3.660,00 €

Servizos externos	4.345,00 €	11.075,00 €	26.075,00 €	41.495,00 €
Difusión e transferencia	0	0	7.500,00 €	7.500,00 €
Custos indirectos	4.383,65 €	13.070,00 €	10.320,00 €	27.773,65 €
Total	52.565,15 €	154.845,00 €	139.595,00 €	347.005,15 €

De ser necesaria a contratación de persoal investigador por parte de Axencia galega de calidade alimentaria farase a través das listas de contratación específicas da propia axencia ou, subsidiariamente, polos procedementos legalmente establecidos na normativa vixente.

A tipoloxía de accións que vai desenvolver a Axencia galega de calidade alimentaria fan preciso que o proxecto se estenda ao ano 2028 para poder acreditar tecnicamente os resultados obtidos.

Consellería de Economía e Industria

A participación da Consellería de Economía e Industria, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento enerxético, implicará a realización dos seguintes estudos e fitos industriais:

Accións	2026	2027	2028	Total
Análise do mercado actual do liño	11.000,00 €	0	0	11.000,00 €
Estudo sobre a maquinaria específica	9.000,00 €	0	0	9.000,00 €
Estudo de viabilidade industrial	10.000,00 €	5.000,00 €	0	15.000,00 €
Deseño preliminar dunha planta galega de primeira transformación		40.000,00 €	0	40.000,00 €
Mapa das capacidades industriais	18.000,00 €	0	0	18.000,00 €
Análise de aplicacións dos produtos e subprodutos	12.000,00 €	0	0	12.000,00 €
Elaboración dun modelo económico e financeiro	15.000,00 €	30.000,00 €	0	45.000,00 €
Total	75.000,00 €	75.000,00 €	0	150.000,00 €

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A participación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Patrimonio cultural consistirá na realización das seguintes accións:

Accións	2026	2027	2028	Total
----------------	-------------	-------------	-------------	--------------

informe sobre a cultura do liño na historia	10.000,00 €	0	0	10.000,00 €
Informe sobre a cultura do liño nos centros da memoria	10.000,00 €	0	0	10.000,00 €
Investigación etnolóxica	5.000,00 €	10.000,00€	0	15.000,00 €
Traballo de inventario	5.000,00 €	10.000,00 €	0	15.000,00 €
Informe/relato cultural	10.000,00 €		0	10.000,00 €
Asesoramento documental internacional	5.000,00 €	5.000,00 €	0	10.000,00 €
Publicación e difusión resultados	0	10.000,00 €	0	10.000,00 €
Clasificación/protección	0	10.000,00 €	0	10.000,00€
Total	45.000,00 €	45.000,00 €	0	90.000,00 €

Fundación Adolfo Domínguez

A Fundación Adolfo Domínguez actuará como secretaría da iniciativa, encargada de coordinar fitos, orzamentos e coherencia técnica, así como de darlle visibilidade pública ao proxecto.

A estes efectos, os asinantes do presente convenio deberán proporcionarlle a información e a documentación que sexa necesaria para esta función: os obxectivos, cronogramas, fitos, contidos, resultados, informes, etc., das accións, estudos e investigacións realizadas no contexto do proxecto, comprometéndose a Fundación a manter a súa confidencialidade no marco do que se acorde na Comisión de Seguimento.

A asignación de fondos recollida na táboa que figura a continuación constitúe unha estimación orientativa, podendo ser obxecto de adaptación en función das necesidades do proxecto e das decisións da Comisión de Seguimento, sen que en ningún caso se modifique o importe total comprometido.

Ademais do antedito labor de secretaría, a Fundación desenvolverá as accións específicas que se indican a continuación, que poderán ser executadas e/ou contratadas a través dun terceiro.

Accións	2026	2027	2028	Total
----------------	-------------	-------------	-------------	--------------

Gobernanza e secretariado	25.000 €	25.000 €	25.000€	75.000 €
Activación da comunidade	25.000 €	25.000 €	25.000€	75.000 €
Comunicación, narrativa, relato, diseminación	25.000 €	25.000 €	25.000€	75.000 €
Xeración de Coñecemento do liño.	25.000 €	25.000 €	25.000€	75.000€
TOTAL	100.000 €	100.000 €	100.000 €	300.000 €

Cuarta.- Orzamento das actuacións

O custe total das actuacións será de **oitocentos oitenta e sete mil cinco euros con quince céntimos (887.005,15 €)**, distribuído do seguinte xeito entre as partes:

Entidade	Aplicación	2026	2027	2028	Total
AGACAL	15 A2 561A 640.0 (2024 00006)	52.565,15 €	154.845,00 €	139.595,00 €	347.005,15 €
Economía e Industria	09 02 732A 640.8 (2024 00035)	75.000,00 €	75.000,00 €	0	150.000,00 €
Cultura, Lingua e Xuventude	13 04 433A 640.1	45.000,00 €	45.000,00 €	0	90.000,00 €
Fundación Adolfo Domínguez		100.000 €	100.000€	100.000€	300.000 €
Total		272.565.15€	374.845,00 €	239.595,00€	887.005,15€

A Xunta de Galicia financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de cincocentos oitenta e sete mil cinco euros con quince céntimos (587.005,15 €) con cargo ás partidas orzamentarias sinaladas no anterior cadro.

Non obstante, tanto esta asignación máxima como as partidas orzamentarias que financian as actividades poderían sufrir variación no caso de recibir, algunha das consellerías asinantes, fondos europeos relacionados co obxecto do convenio. En ningún caso as aportacións materializaranse por importes inferiores aos comprometidos neste acordo.

Quinta.- Pagamento e xustificación

Cada unha das partes asinantes satisfará as obrigas de carácter económico que se deriven das accións específicas de colaboración nas que participen, con cargo aos seus orzamentos e de acordo coa normativa aplicable, sen prexuízo da coordinación que realice a Fundación, e será responsable da súa contratación e execución.

Poderanse realizar axustes entre as distintas actividades que deben desenvolver e as partidas económicas previstas para elas ou tarefas adicionais que acorde a comisión de seguimento, minorando ou incrementando o seu importe, sempre que se respecte o importe total de cada anualidade, sen que isto supoña unha modificación do convenio.

Sexta.- Incorporación doutras entidades

As entidades participantes manifestan o seu interese en que a iniciativa descrita neste convenio se manteña aberta á incorporación futura doutras entidades que, polo seu interese nos eidos científico, técnico ou doutra índole, sexan consideradas idóneas polos suscribintes orixinarios deste convenio.

Sétima. Titularidade e utilización de resultados

Todos os estudos, informes, investigacións, memorias, materiais, documentos, informes técnicos, contidos audiovisuais e calquera outro resultado xerado ou elaborado polas consellerías participantes neste convenio serán propiedade exclusiva da Xunta de Galicia, que poderá reproducilos, publicalos, distribuílos e explotalos de forma comercial ou non comercial.

Oitava .- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2028.

Novena.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento, que actuará como órgano de coordinación, vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A composición da dita comisión será a seguinte:

- Pola Consellería do Medio Rural, a persoa que ostente a dirección da Axencia galega de Calidade Alimentaria, ou persoa na que delegue.

- Pola Consellería de Economía e Industria, a persoa que ostente a Secretaría Xeral de industria e desenvolvemento enerxético, ou persoa na que delegue.
- Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a persoa que ostente a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ou persoa na que delegue.
- Pola Presidencia da Xunta de Galicia, o Secretario Xeral de Coordinación Económica, ou persoa na que delegue.
- Pola Fundación Adolfo Domínguez, dúas persoas, unha a persoa que ostente a Dirección da Fundación, ou persoa na que delegue, e outra pola Asociación Legados por el bien común, a persoa que ostente a Dirección, ou persoa na que delegue

Esta comisión estará presidida pola persoa que ostente a Secretaría Xeral de Coordinación Económica, e reunirse en tódalas ocasións que se estimen oportunas, a lo menos unha vez cada trimestre.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimirase na xurisdición contencioso-administrativa.

A comisión de seguimento poderá acordar, de consideralo oportuno, a creación dun comité científico-técnico e/ou grupos de traballo, de apoio e asesoramento sobre aspectos concretos relacionados con algunha das actuacións previstas no convenio.

De ser o caso, a composición do dito comité ou dos grupos de traballo será acordada pola propia comisión de seguimento, podendo elixir cada unha das partes, un mínimo de un membro.

Décima.- Modificación e Resolución do convenio

1.- As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Asemade, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade.

2.- O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas

que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos.

Así mesmo, poderase resolver por acordo unánime de todos os asinantes e por decisión xudicial da nulidade do convenio.

Décimo primeira .- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo o disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, se prexuízo da aplicación dos principios da citas lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario de datos e a referida publicidade, incluída a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Xunta de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no

convenio.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPC), na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polo asinantes unicamente para a súa adecuada formalización de desenvolvemento en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Asemade, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificación.

E, en proba de conformidade, e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

Presidenta da AGACAL	Conselleira de Economía e Industria
Conselleiro de Cultura, lingua e Xuventude	Presidenta de Fundación Adolfo Domínguez

--	--